

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS EN ESPECIE PARA O COMERCIO BOIRENSE AO ABEIRO DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DO CENTRO COMERCIAL ABERTO DE BOIRO

O Concello de Boiro é beneficiario dunha axuda para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio no sedentario e canles de comercialización, xestionadas pola Dirección Xeral de Política Comercial, da Secretaría de Estado de Comercio, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno de España, con cargo aos fondos NEXT GENERATION EU. A actuación financiada titúlase “Modernización centro comercial aberto do concello de Boiro”.

Entre as actuacións subvencionadas atópanse non só obras e outros gastos que se realizarán con carácter xeral para o comercio boirense, se non tamén algúns servizos que requiren unha previa selección de empresas participantes, considerándose xuridicamente coma subvencións ou axudas “en especie”. Entre estas atópanse os seguintes programas:

- Servizo posicionamento SEO.
- Servizo de entrega de bolsas reciclables.
- Servizo de entrega de envases compostables para a entrega de alimentos a clientes.
- Servizo de entrega de outros elementos reciclables.
- Servizo bono-transporte
- Xornadas de formación en marketing dixital.
- Servizos de uso de equipamentos: de bonos, vales desconto ou análogos; utilización taquilla automatizada de pedidos; puntos de recarga de vehículos eléctricos.

A fin de determinar que establecementos e persoas xurídicas serán beneficiarias do acceso a estes servizos, esta Alcaldía, no uso das súas competencias determinadas no artigo 21.1 f) da Lei de bases do réxime local, propón a aprobación das seguintes BASES e a realización da consecuente CONVOCATORIA DE AXUDAS:

BASE 1. OBXECTO E ORZAMENTO

Mediante as presentes bases determinarase as empresas que terán acceso aos servizos que se sinalan a continuación; detállase igualmente o orzamento que se adicará a cada unha das liñas de actuación:

- Servizo posicionamento SEO gratuíto para aqueles beneficiarios que dispoñan de paxina web propia e oficial. Contía: 30.000,00 euros.
- Servizo de entrega de bolsas reciclables: servizo de entrega gratuíto de bolsas

reciclables para a entrega polas empresas aos seus aos clientes no momento de finalización da compra e entrega do produto/ben. As bolsas estarán serigrafiadas cos logotipos das entidades financiadoras e o eslogan "Boiro teno todo!". Se repartirán un total de 4.100 unidades.

- Servizo de entrega de envases compostables para a entrega de alimentos a clientes: entrega gratuíto de envases compostables para a entrega polas empresas aos seus aos clientes no momento de finalización da compra e entrega do produto/ben de alimentación. Repartiranse un total de 11.400 unidades.
- Servizo de entrega de outros elementos reciclables: servizo de entrega gratuíto de outros envases e elementos reciclables para a entrega polas empresas aos seus aos clientes no momento de finalización da compra e entrega do produto/ben ou entrega do servizo e envases "take away". Repartiranse un total de 2.000 unidades de vasos; 2.000 unidades de bolsas papel kraft; e 2.000 unidades de portavasos.
- Servizo bono-transporte: servizo de desconto de gastos derivados de transporte de pedidos. Destinado a sector comercial. Contía: 14.520,00 euros.
- Xornadas de formación en marketing dixital: servizo de formación gratuíto en marketing dixital. Destinado principalmente (prioridade na adxudicación) a sector comercial. Contía: 14.500,00 euros.
- Outros servizos de uso de equipamentos: utilización taquilla automatizada de pedidos; utilización da biorrecicladora-maquina reciclable

A presente convocatoria de axudas realizarase mediante un procedemento de concorrencia competitiva segundo a tipoloxía dos establecementos e liñas de actuación, seguindo os criterios obxectivos que se sinalan para cada liña e subsidiariamente en caso de empate, a data de presentación da solicitude na sede electrónica.

No caso de existir sobranse nalgunha das liñas de axuda, caberá a posibilidade de redistribuír o crédito entre o resto das liñas, na medida en que sexa necesario.

BASE 2. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar a súa adhesión as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos e que se atopen nun Centro Comercial Aberto:

- Establecementos comerciais de Boiro. Deberá acreditarse que o establecemento comercial ten tenda física en Boiro ou no caso de ter soamente venda online o domicilio fiscal en Boiro.
- Os comercios beneficiarios deben acreditar contar con algún dos seguintes epígrafes do IAE:

- 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.
 - 651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
 - 652. Comercio polo miúdo de medicamentos, artigos de drogaría e limpeza, perfumaría e cosméticos.
 - 653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción (agás 653.4).
 - 656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, artigos e útiles ordinarios de uso doméstico.
 - 657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
 - 659. Outro comercio polo miúdo.
 - 665. Actividades empresariais de comercio realizadas fóra do establecemento permanente: «comercio retallista por correo ou catálogo». No caso de comercio en liña, non será subvencionable a comercialización en liña de produtos ou servizos non comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Establecementos, postos ou mesas da Praza de Abastos-Mercado Municipal do Concello de Boiro. Deberá acreditarse que o establecemento está situado no devandito emprazamento.
 - Establecementos de hostalería. Deberá acreditarse que o establecemento posúe localización física en Boiro.
 - Aloxamentos hoteleiros, pensións, campings e outros aloxamentos de semellante natureza que posúan localización física en Boiro.

O Concello de Boiro, previa solicitude motivada do interesado, pode aceptar a inscrición de comercios de outros epígrafes non incluídos neste listado.

Non poderán participar:

- As empresas, establecementos comerciais, hostalería ou hoteleiros, outros de análoga natureza que non teñan o seu domicilio fiscal e localización física en Boiro.
- As empresas-cadeas de gran distribución destinadas á alimentación (hipermercados).

- As salas de xogo e apostas.
1. Todas aquelas empresas, establecementos, persoas xurídicas que posúan débeas con calquera administración.

BASE 3. SOLICITUDE DE ADHESIÓN. PRAZO E FORMA.

O prazo de presentación das solicitudes de adhesión dos establecementos e persoas xurídicas será de 10 días naturais a partir da data da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

As solicitudes deberanse realizar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o tipificado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na sede electrónica do Concello de Boiro.

Establecese un formulario de solicitude específico, que estará dispoñible na paxina web do Concello de Boiro (www.boiro.gal) e na propia sede electrónica vinculada ao procedemento.

Os solicitantes deberán entregar e cumprimentar:

- Razón social
- Nome comercial
- NIF/CIF
- Último recibo do IAAEE
- Data de alta no IAE
- Acreditación IAE – Certificado Censal
- Numero de teléfono
- Correo electrónico
- Enderezo empresa
- Enderezo comercio se é diferente
- Datos do representante: nome e apelidos/DNI
- Declaración da aceptación das bases, no modelo normalizado.

- Acreditación comercio en Boiro –Certificado censal, aluguer ou documento de propiedade.
- Certificado de pertenza a un Centro Comercial Aberto

BASE 4. DURACIÓN DO PROGRAMA, AXUDAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN SEGUNDO TIPOLOXÍAS E CONCORRENCIA.

O presente programa terá unha duración de, como máximo ate o 31 de decembro do 2022. A calendarización de comezo dos servizos, xornadas de formación, entrega de materiais e outros especificarase, segundo as diferentes liñas e servizos, na resolución de concesión definitiva (ver Base 5. Resolución).

Establécense os seguintes criterios obxectivos para a determinación da orde de acceso a cada unha das liñas de actuación, para os supostos nos que sexa necesario realizar esta ponderación por non ser suficiente a consignación orzamentaria establecida para cada unha das liñas.

Servizo posicionamento SEO

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	Sector comercial: comercio polo miúdo.
Segundos adxudicatarios	Establecementos farmacéuticos, perruquerías e outros establecementos de servizos.
Terceiros adxudicatarios	Aloxamentos e hostelería
Cuartos adxudicatarios	Pemes e autónomos en xeral
Quintos adxudicatarios	Resto de establecementos e empresas

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Servizo de entrega de bolsas reciclables

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	Sector comercial (roupa/téxtil e entrega de outros bens como papelería ou semellantes de comercio polo miúdo)
Segundos adxudicatarios	Resto de establecementos

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Servizo de entrega de envases compostables para a entrega de alimentos a clientes

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	Hostelería, mercado municipal e alimentación (froiterías, carnicerías e outros semellantes)
Segundos adxudicatarios	Outros servizos e establecementos que contén con repartos de alimentos ou comidas.
Terceiros adxudicatarios	Aloxamentos turísticos
Cuartos adxudicatarios	Resto de establecementos

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Servizo de entrega doutros elementos reciclables

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	Hostalaría
Segundos adxudicatarios	Establecementos de alimentación do mercado municipal
Terceiros adxudicatarios	Aloxamentos turísticos
Cuartos adxudicatarios	Resto de establecementos de servizos.

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Servizo de bono-transporte

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	sector comercial: comercio polo miúdo
Segundos adxudicatarios	Establecementos de alimentación do mercado municipal
Terceiros adxudicatarios	Hostalaría
Cuartos adxudicatarios	Resto de establecementos de bens e servizos.

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de

adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Xornadas de formación en marketing dixital

Nesta liña de actuación seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	Sector comercial: comercio polo miúdo
Segundos adxudicatarios	Establecementos de bens e servizos
Terceiros adxudicatarios	Hostalaría e aloxamentos turísticos
Cuartos adxudicatarios	Pemes e autónomos en xeral

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adxudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

Servizo de uso de equipamentos

Esta liña de actuación refírese á entrega de bonos e vales desconto ou análogos, utilización de taquilla automatizada de pedidos e puntos de recarga de vehículos eléctricos. Seguiranse os seguintes criterios de asignación:

Primeiros adxudicatarios	sector comercial: comercio polo miúdo
Segundos adxudicatarios	Establecementos de alimentación do mercado municipal
Terceiros adxudicatarios	Hostalaría

Cuartos adjudicatarios	Resto de establecementos de bens e servizos.
------------------------	--

No caso de non ser suficiente a consignación ou de existir empate dentro dun mesmo grupo de adjudicatarios, determinarase a orde en función da data de entrada de cada solicitude na sede electrónica do Concello.

BASE 5. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN

Será competente para a instrución do procedemento o alcalde.

A instrución incluírá a valoración das solicitudes, a comprobación de que reúnen todos os requisitos e esixencias, así coma a documentación establecida, ordenando posteriormente as instancias segundo os criterios establecidos, a fin de determinar as beneficiarias e a orde de acceso aos servizos subvencionados.

BASE 6. RESOLUCIÓN

Será competente para a resolución do procedemento a Xunta de Goberno Local.

O Concello de Boiro publicará na web oficial, así coma no taboleiro de anuncios dixital e físico unha única resolución definitiva dos establecementos adheridos, así como as datas de comezo de entrega de bonos, implantación de servizos, xornadas de formación, entrega de materiais e outros.

Igualmente, realizarase unha notificación individual a cada un dos solicitantes.

Na resolución que se dite será necesario incorporar motivadamente as solicitudes excluídas e as desestimadas.

BASE 7. OBRIGAS DOS SOLICITANTES

Os establecementos e persoas xurídicas solicitantes obríganse ao cumprimento das seguintes condicións na prestación dos servizos ou produtos:

- Recepción e colocación dos materiais informativos do programa (cartaz informativo), nun lugar visible do establecemento; así como o resto de especificacións da base 8.
- Velar polo cumprimento estrito das bases da campaña e comunicar ao Concello de Boiro calquera incidencia ou mal uso dos materiais, xornadas e outros.
- Non utilizar os materiais, bonos, servizos e elementos de entrega para outros fins distintos para os que foron concedidos.

- Entregar dos materiais, bonos, servizos e elementos aos clientes.
- Asistir a calquera das xornadas habilitadas para a formación.
- Facilitar a información requirida pola Intervención municipal, o Consello de Contas ou o Tribunal de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

BASE 8. PUBLICIDADE

A relación de establecementos e persoas xurídicas adheridas e beneficiarios do programa deberán ter en lugar visible no interior do establecemento, nos escaparates (no caso de dispoñer dos mesmos), páxinas web, publicacións en redes sociais e calquera outro medio online ou offline, un cartaz que será publicado na web do Concello de Boiro (www.boiro.gal) e que contará co logotipo do Concello de Boiro, co Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno de España, co logotipo da Unión Europea, dos Fondos NEXT GENERATION EU e calquera outro a especificar.

BASE 9. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Boiro, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Boiro e nomeadamente o seu responsable de protección de datos. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través do correo electrónico correo@boiro.org ou presencialmente nas oficinas do Concello de Boiro.

BASE 10. DENEGACIÓN DA ADHESIÓN E CANCELACIÓN DO PROGRAMA PARA SOLICITANTES.

Será considerado unha causa de resolución da adhesión e denegación da axuda, o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas na presente resolución.

Neste caso deberase devolver a mercancía entregada e indemnizar os danos e prexuízos causados, no seu caso.

BASE 11. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

As presentes bases e convocatoria regúlanse pola normativa autonómica e estatal en materia de subvencións (Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións), así coma pola normativa ditada en relación ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (recompilada no seguinte enlace https://www.mptfp.gob.es/portal/prtr/normativa_y_guias.html) e, concretamente, pola Orden

ICT/949/2021, de 10 de setembro, por la que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, e se procede a súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, que regula o financiamento das presentes axudas, así coma as súas modificacións.

Disposicións finais.-

As presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boiro, na sesión celebrada o 01.09.2022, no uso das atribucións conferidas pola alcaldía por medio da resolución núm. 607/2019, do 09.07.2019 (BOP da Coruña núm. 137 do 22.07.2019).

09.07.2019 (BOP de A Coruña núm. 137 del 22.07.2019). 07.2019).